



# O Cabeso

Voceiro da Asociación Amigos da Dorna - Portonovo • Núm. 3 - 2002



PANTALÁNS NO PORTO DE RIBEIRA

## ¡¡¡CHEGAN OS PANTALÁNS!!!! - PARA TODOS?

No primeiro número do *Cabeso*, aló polo 1999; manifestávamo-la nosa sorpresa de que o porto de Portonovo fora dos poucos de Galicia que non tiña ordenado os fondeos dentro do peirao mediante o sistema de pantaláns.

Parece ser que Portos de Galicia vai por fin a acomete-la construcción destes pantaláns e a reordenación do porto, tanto para embarcacións de 3ª (mariñeiros) como da 7ª lista (os barcos dos turistas e bañistas).

AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO envioulle unha carta ó xefe da Zona Sur de Portos de Galicia, suliñando a importancia de preserva-lo noso patrimonio marítimo e solicitando que se nos teña en conta a hora da ubicación das nosas embarcacións tradicionais. Envióuselle tamén unha carta en parecidos termos ó Patrón Maior da Cofradía, quen pareceu entende-las nosas razóns e peticións. Esperemos que por unha vez as cousas se fagan con lóxica e xustiza e que se valoren razóns de interese colectivo e para o pobo de Portonovo máis que intereses comerciais ou particulares.

Na última páxina de "O Cabeso" tedes unha copia integra da carta enviada a Portos de Galicia e a Cofradía de Pescadores.

Como xa ven sendo tradición, a Jatiña, dorna xeiteira de Amigos da Dorna de Portonovo presidirá a carpa da VIII Festa da Raia que se celebra os días 22, 23 e 24 de Marzo.

E xunto a Jatiña estaremos nós, por suposto, cun stand propio onde poder encontrarnos os socios e amigos.

Con motivo da nosa presencia nesta edición da Festa da Raia publicase este novo número do boletín informativo **O CABESO** e que tes nas túas mans.

Asemeñado, e dentro do stand poderemos contemplar aparellos e artes de pesca, fotografías e cuadros relacionados co mundo do mar, maquetas de embarcacións tradicionais,...

E para máis festa, imprimimos camisetas co logo da asociación e que se poderán mercar no mesmo stand.

Estades todas e todos convidados a tomar un viño connosco.



BOTE POLBEIRO DE BUEU

As dornas, como tódalas embarcacións de madeira, precisan duns cuidados e mantimentos moi diferentes ós barcos construídos con outros materiais.

Por iso, cando chega o tempo do inverno, é imprescindible subilas e gardalas a cuberto da choiva e do sol.

A garda e manteramento destas embarcacións conleva un montón de "trastos" (risóns, chalecos, pinturas, velas, cabos,...) que xunto co propio tamaño da nosa dorna a Jatiña, fai que sempre teñamos problemas a hora de garda-la dorna nalgún galpón ou nave. E a isto hai que sumarlle a necesidade de ter un local axeitado onde poder xuntarnos, onde poder garda-los materiais expositivos, os libros,... (Amigos da Dorna de Portonovo) ven pedindolle dende hai xa tres anos a Portos de Galicia a cesión do antigo posto de gasoil, que está debaixo da costa da ribeira; hai tempo dixeron que non habería problema; despois que sairía a concurso público; pero desto hai xa máis de dous anos e non temos resposta, nin se convocou ningún concurso.

Por outra banda, parece que hai posibilidades de que o Concello de Sanxenxo nos deixe un local permanente onde garda-la Jatiña; as cousas en palacio como sempre van despacio, pero nós non deixaremos de da-lo "coñazo" ata conseguir unhas instalacións acordes coa labor social e cultural que leva adiante a Asociación AMIGOS DA DORNA DE PORTONONO.



JABUCHO NO MUSEO DA ILA DE TATHIQU (NORMANDIA)

**Cubaneys**  
PORTONONO  
OCIR

Café - Bar  
**BAIUCA**  
C/ Ramón Valenzuela, 6  
Telf. 986 72 37 02 - PORTONONO

**Woodstock**

# O Cabeso



EXPOSICIÓN "DE DORNAS E OUTRAS COUSAS"

Algo se move na ría. E parece que é algo gordo.

Porque no inverno tamen se fan cousas; e se non que llo contan ós nosos veciños de Sanxenxo e Bueu.

O Club Náutico de Sanxenxo está construindo, nos estaleiros Garrido do Grove, dous geleóns xemelgos de máis de 13 m. de eslora cada un. Serán a flota da futura escola de vela tradicional, que seica van a montar alí.

E enfrente, os amigos das embarcacións tradicionais os Galos de Bueu, teñen festa o 27 de abril.

Ese día botan "Os Galos" nome do bote polbeiro construído no estaleiro Purros da Banda do Río. Un señor bote coa súa eslora de 5,90 m. e aparello de vela mistica. Que se preparen os do poliéster.



A "CONINHA" CO "AMI PIER" POLO CANAL DA MANCHA (ABRIL DO 2001)

A festividade da patrona de Portonovo, Santa Catalina no 25 de Novembro, tivo un marcado carácter cultural para a nosa asociación.

Tódolos anos intentamos realizar por estas datas algunha actividade cultural; e si en anteriores edicións foron maquetas e paneis explicativos sobre artes e aparellos de pesca, nesta ocasión tocalle a vez á arte pictórica e fotográfica.

No salón de actos do edificio multiusos de Portonovo e coa colaboración da Consellería de Cultura do Concello de Sanxenxo (colaboración habitual e que sexa por moitos anos), Amigos da Dorna de Portonovo levou a cabo unha exposición titulada "De Dornas e outras cousas", onde se amosaron as obras de tres artitas do pobo, a saber: Rosa Fernández (fotografía) e Fernando Dobarro e Antón Telmo (pintura).


Rosa expuso un amplio número de fotografías sobre diferentes embarcacións tradicionais (dornas, bueltas, lanchas de relinga, etc); fotos tomadas dende terra e dende o mar ó longo das nosas rías.

Fernando interpretou, co surrealismo que o caracteriza, o que pode ser la síntese de vanguardismo e tradición mariñeira.

E por último Telmo amosou varias mariñas acuareladas cheas de dornas, catraias e geleóns, atrevendose ata cun llaut maiorquín.

Suliñar que a exposición foi un grande éxito, tanto da crítica como de público (esto último por conta do petisco e o viño que, segundo falan, correu a mareas). A exposición tamén sirveu como punto de encontro entre as socias e socios da nosa asociación e cos amigos doutras asociacións afins ós nosos objetivos: a conservación do patrimonio mariñeiro galego.

taberna




PONTONOV



- EFECTOS NAVAIS
- DEPORTES NÁUTICOS
- PESCA
- CEBO VIVO
- CAMPING

Ctra. A Lanzada, 36 - Tel./Fax 986 69 14 52  
36970 PORTONOV (Pontevedra)



## PORTOS DE GALICIA - XEFE DA ZONA SUR

Portonovo, 5 de Febreiro do 2002

Estimada/o señor/a:

En nome de AMIGOS DA DORNA DE PORTONONO (entidade rexistrada na Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais co nº de rexistro 4473) gustariame facerlle chegar a opinión da Asociación que presido ante a próxima ordenación que Portos de Galicia vai realizar no peirao de Portonovo, consistente na colocación de pantaláns para as embarcacións que agora fondean dentro do porto.

A Asociación AMIGOS DA DORNA DE PORTONONO leva traballado dende hai cinco anos nunha faceta que en principio non parece que teña moito que ver coas actividades do Ente Portos de Galicia. Pero sí que ten que ver. O mundo do mar sempre aportou moito máis que uns poucos, ou moitos, cartos; aportaron unha cultura popular e un xeito de vida, ó redor dos portos e peiraos galegos, que foi transmitida ó longo de moitos anos, e que asociacións coma a nosa intentan que no se perda.

As recuperacións das vellas embarcacións, tanto de pesca como de carga, a realización de exposicións relacionadas coa cultura marítima, as concentracións de embarcacións tradicionais nos portos das nosas rías,... son actividades que estan moi relacionadas co mundo do mar e polo tanto con Portos de Galicia.

A dorna xeiteira que posúe a nosa asociación fixose en parte coas axudas da Consellería de Pesca, a II Travesía San Roque contou coa colaboración de Portos de Galicia e do Concello de Sanxenxo; é a única maneira de realizar estas actividades, pois somos unha asociación sen ánimo de lucro e con poucos medios económicos.

O motivo da miña carta é solicitarlle que Portos de Galicia teña en conta a nosa Asociación cando se proceda á ubicación das embarcacións nos pantaláns no porto de Portonovo.

Algúns dos nosos socios son mariñeiros; outros traballan no porto; moitos temos familiares que viven do mar; non sería lóxico que as embarcacións tradicionais tiveran que desaparecer do Porto de Portonovo por falta de amarre; e tampouco sería entendible que embarcacións tradicionais dunha asociación cultural, pagadas en parte con axudas de entidades públicas, tiveran a mesma consideración que as motoras e iates privados da 7ª lista.

Na espera de poder falar persoalmente con vostede sobre este tema, reciba un saudo

Antonio Telmo  
Pte. Amigos da Dorna

